

Costa do Solpor, un sabre na man da normalización **(Allariz, 10-5-2013)**

(...)

Costa do Solpor é unha **novela clásica de aventuras** ambientada no século XVIII, concretamente na terceira semana de agosto de 1761. Polas súas páxinas sucédense tempestades en alta mar, batallas navais, abordaxes, enfrontamentos, amor e multitude de avatares en terra, todo integrado nunha paisaxe de forza e plasticidade impresionantes. Grosso modo relata a **viaxe de regreso** ao porto de Bristol da goleta inglesa *Hispaniola* cun fabuloso tesouro no pañol, despois de que este lle fose gañado a uns piratas nunha illa atlántica do Caribe. A causa dunha tempestade a goleta tense que refuxiar nunha ría da Costa do Solpor (trasunto da galega Costa da Morte), onde a secreta carga é descuberta polos integrantes dunha organización corsaria, a Confraría da Man Morta. A partir de aí o relato vaise debullando entre os recordos do grumete Jim Hawkins alternados cos do doutor Livesey. O segundo, o doutor, preso na *Hispaniola* e o primeiro, o grumete, libre e argallando coa axuda do mozo local Chavián e Mariña a liberación dos seus compañeiros, que sofren o secuestro e ameazas do capitán filibusteiro de orixe bretoa René de Saint-Syr, a bordo do *An Ankou*, o 'Espectro da Morte'. A narración **a dúas voces** permite, mediante a técnica da analepse ou *flashback*, asistir a todas as escenas da historia, mesmo as que son coincidentes no tempo e en diferentes escenarios. A partir de aí sucédense multitude de subtramas dentro da trama principal: actos, sucesos e circunstancias no percorrido dos protagonistas cara ao furacanado final. Feliz, por certo.

CdoS: comeza xusto ando remata *A illa do tesouro*

É preciso dicir que o relato **comeza xusto onde remata *A illa do tesouro***, de Robert Louis Stevenson. Os protagonistas son os mesmos: o grumete Jim, o médico Livesey, o armador John Trelawney, o capitán Smollet, Ben Gunn ou Abraham Gray, a quen se suman os mozos galegos Chavián e Mariña e toda a mocidade rebelde das comarcas onde se sucede a acción. Polo grumete Jim Hawkins, Stevenson dixéranos que o regreso ao Land's End, cabo mítico en Cornualla ao que se dirixía a *Hispaniola*, fora plácido e tranquilo. Tamén así nolo recorda a voz do tradutor ao inicio da obra. Pero non foi tal, máis de 130 anos despois Lema Suárez descóbrenos a verdadeira fasquía daquela viaxe. A *Hispaniola* non chegou a Bristol libre de percances. A Costa do Solpor (ou do Solposto) había ser escenario da última batalla antes de arribar á casa.

Para min *Costa do Solpor*, alén dunha **homenaxe á Costa da Morte e á súa xente** (á fidalguía avanzada, aos cregos revolucionarios, á mocidade labrega e mariñeira disposta a romper cunha inercia secular mantida polos seus pais, aos que Lema critica duramente por submisos e resignados, a quen por meiga sufriu as lapas do Santo Oficio e a outras xentes humildes de antano e os seus trasuntos de hogano; aos poetas López Abente e Alexandre Nerium, de quen Lema toma versos e léxico; Man, o alemán de Camelle; Juan Antonio Posse, o crego ilustrado, liberal e arredista...), é unha gran narración de aventuras e precisamente por isto, ademais dunha celebración da lingua, unha gran oportunidade para a socialización e dignificación da nosa Historia e do noso idioma. O novelista válese do propio idioma para **prestixiar o idioma propio**. Péchase o círculo cunha interacción simbiótica, onde nós, simbioses, tamén nos beneficiamos como seres comunitarios, colectivos. Penso que esta é unha das principais misións de toda literatura que se desenvolve nunha lingua minorizada: a de achegar e evidenciar todas as posibilidades dun idioma posible na era da uniformización, a pesar de ser, en esencia, toda literatura un traballo inútil, sen finalidade, nin sequera comercial, cara ao

futuro, senón en si mesmo como un traballo que é, sen máis. **Anxo Rei Ballesteros** díxoo mellor:

“¿Que é iso que se afirma, sen proxecto de futuro e sen razón instrumental, que é iso que se comunica na literatura? A comunidade mesma, o nosoutros como anteriores e ontoloxicamente moito máis importantes que calquera proxecto histórico; se non hai ese nosoutros, non pode haber proxecto histórico de comunidade”.

E nesta liña vai o que me gustaría destacar da novela, apoiándome sempre no idioma como elemento de cohesión, de identidade, de orgullo. Apoiándome no idioma ferramenta e no idioma como obxecto de análise.

O idioma como ferramenta

Comecemos falando do aparello que Lema Suárez escolleu para o urdido da narración. **Que idioma**, amigos e amigas! Nesta novela **a lingua parécese ao mar**, está presente con bravura en todas as páxinas. Sobe e devala e medra vizosa por todures coma ondas que nunca se desfán en salseiros, que nunca morren. Mesmo en varios rexistros. Destaca **o galego popular das masas**, rico, natural sen deixar de ser culto. Por suposto o estándar, ora valente e requintado, ora descarado e varudo, ora nas riquísimas especificidades dialectolóxicas vivas das comarcas polas que discorre a acción, na Costa da Morte que tan ben coñece o autor. Que eu recorde, outros autores das nosas letras que se atreveron cas especificidades lingüísticas e bolinaron con mestría son **Anxo Angueira** ou **Bieito Iglesias**. En *Costa do Solpor* os **modismos específicos** do falar daqueles países do noroeste (*mañán, estón, mui, sinalén, vendénoa, nuite, qués, escuita, sen, donlle, sabés, fui, verés, teñás, correduira, cuitelo...*), do **mundo mariñeiro** (partes do barco *-mastro, a cangarexa, a mesana, a sobremesana alta, as dúas gavias, o foque...*), as partes **da xeografía local** (*cantarolos, coios, coídos, brolos...*), os **lances da navegación**, mesmo **eivas físicas** (*xiba, lombra, carrumba, corcova...*), a **ornitloxía** e a **botánica** (*xílgaros, reiseñores, verderolos, petos, peifocos, paspallases, pincaouros, picafollas, lavandeiras, chascos, carrizos, andoriñas, lavercas, escribentas; carballo, castiñeiro, faia, pereira, ameixeira, pexegueiro...*) todos eles intégranse nas múltiples escenas de maneira que quen lea con proveito atopará unha fonte permanente de vocabulario, fraseoloxía e dialectoloxía propia da Costa da Morte.

Respecto á **fraseoloxía e refráns** apuntei entre outros os seguintes exemplos: *mentres a vara vaia e vén descansa o corpo* (páx. 411), *de mal pano mala saia* (páx. 406), *espantarse o morto do aforcado* (páx. 350), *non che vai por aí o gato ás filloas* (páx. 344), *estaba entre o eixe e a roda* (páx. 278), *custar ferro e fouce* (páx. 272), *andar coa area no zoco* (páx. 245)...

Respecto a **imprecacións e alocucións**: Fixaivos, o capitán Saint-Syr arenga as súas quenllas desta maneira “¡Volvemos ser os de sempre, meus insaciabes tiburóns! ¡Polas barbas de Barrabás, abofé que si! [...] ¡Preparade as armas, *breudeur a Bro-Zant-Malo*, afiade os sabres, *breuder a Bro-Breiz*, que lle imos abrir o papo a esa paxariña!”. E reprende o indisciplinado que chega tarde á súa convocatoria destouta: “¡Teño un gato que esfolar

contigo, merdento! [...] ¡Desta vez puxeches o dedo entre o cabo e o escobén!”. Quen non teme a quen desta maneira impreca/increpa?

No referido a **interxeccións**: *Madía tiña!* (páx. 156), *dodemo*,...

Pero non só á riqueza lingüística se cinguen as virtudes da novela. Abordaxes, persecucións, tempestades mariñas, as illas dos Azores, a vila de Fisterra tan fermosamente descrita dende o mar, a cidade da Coruña, a amizade, a dignidade, a rebeldía... son só algúns dos escenarios e temas polos que Jim e o resto dos personaxes da novela desenvolven a tormentosa viaxe que nunca nos relatou Stevenson, a da volta á patria. Lema Suárez atreveuse e o transo convida a saírmos de *Costa do Solpor* ben máis ricos do que entráramos.

Os escenarios son o mar e a terra, que adquiren condición de personaxes da novela na súa relación cos protagonistas da trama. O mar, ese *non-lugar* onde Saint-Syr e os seus homes se senten útiles e libres. Máis alá da brava liña da costa, fronteira pero non límite, o mar non é confín senón a máis esgrevia vía cara á liberdade. Por fronte está esa incomodidade dos personaxes na súa propia patria, no seu propio país.

E fixaivos no tema xeral, a procelosa **viaxe de volta á patria**: Ulises, Itaca, Ferrín, *cortar incidentes coma rosas*, ...

O(s) idioma(s) como obxecto de análise

Ademais do galego, por *Costa do Solpor* pasan **multitude de idiomas**: castelán, inglés, francés, cónico, bretón, portugués... e ao longo das páxinas o autor dá multitude de exemplos do uso e consideración social que para aqueles galegos de antronte merecía o noso idioma.

A este respecto é clara a división social, de clase. Mentres as masas populares **viven con normalidade en galego** e mesmo o valoran positivamente (na páxina 353, fala o Chavián:

“¡Xuro pola memoria de mi padre que algún día construirei unha obra comparable á súa! Pronunciou esta última frase en voz alta e no seu idioma, coma querendo darlle solemnidade á promesa.”

Para o Chavián aquel xuramento adquiría solemnidade en galego, non en inglés, que era a lingua que adoito falaba con Jim.

Na páxina 466 fala Reimundo Posse Romeu, o Crego Sabio, do frade Frei Martiño:

“Era galego de nación, pero había muitos anos que residía nun convento de Madrid dedicado á oración e ó estudo, e non por iso tiña a menos expresarse na nosa lingua —así a chamou el, e non dialecto, disque por ser filla da latina coma a dos reinos de Castela ou de Portugal—, que outra xente estudada despreza. ¡Como se alporizara co prior de Moraime por non falar este cos seus vasalos no idioma do país co adaxo de que perdía autoridade! Tornou vermello co xenio e cheguén a pensar que lle comía os sangumiños. ¡Chamoulle apóstata da lingua!”

Por outra banda, as clases dominantes refugan do idioma mesmo con fachenda, caso da señora Elvira de Lobera, que tira o **-i-** do apelido por aparentar ben diante dos nobres casteláns. A xeito de exemplo, o seguinte: fala o socio corsario de René de Saint-Syr, o enmascarado da cabeza aperada, personaxe importante da cidade da Coruña:

“¡Que lingua tan fermosa a francesa! Tan harmoniosa, tan musical, tan refinada... Aínda que eu nesta cidade onde me vin aveciñar falando adoito como agora falo con vosa mercé a linguaxe clara e rotunda da miña querida patria castelá sonlle a admiración de todos os veciños, asegúrolle que daría un ollo da cara por trocar a sequidade da miña adusta fala nativa pola fineza da súa”.

E a seguir aclárase:

“O groso propietario da mansión formaba parte dunha tropa de estranxeiros vindos do reino de Castela que nos últimos anos se asentara na cidade e que non só non sabía nin un verbo da lingua do país de acollida, senón que mesmo presumía da súa ignorancia ó respecto.”

Esta pasaxe recorda aquela viñeta de **Xaquín Marín**: o galego que presume de non saber galego non deixa de presumir da súa ignorancia.

Sorprenden, ou non tanto, **os paralelismos coa contemporaneidade**. Entendemos que con aqueles exemplos e estes paralelismos o autor fai unha crítica da actual situación de crecente minorización social e consideración desfavorable do noso idioma, coa convivencia do Goberno galego e de certo grupúsculo residual, ao tempo que denuncia o crecente autodio que asolaga o noso país.

Pero **hai máis exemplos**. Fixaivos, o capitán de filibusteiros René de Saint-Syr adoita adornar as súas arengas con palabras soltas en bretón por ser Saint-Malo a súa cidade de nacencia. Mesmo nun momento da narración declara non ser nin francés nin bretón, só maluino, de Saint-Malo, cidade na que non é moi común escoitar a lingua bretoa. Pero na páx. 176 **evidencia o centralismo francés** que o coloniza cando no momento de abordaren a *Hispaniola* o capitán Smollet se atreve a presentarse en inglés. O capitán Saint-Syr estala de indignación e co sabre disposto berra: “¡¡Fálame en cristián, porco, en francés, na lingua que entendemos todos!!” Acaso non leva este episodio a pensar naquel “consello” ben visible pendurado das paredes das escolas do franquismo: *Sea buen español, hable castellano?* Ou no máis recente *Manifiesto por la Lengua Común*, que tamén asinaron algúns galegos? O autor pon a imposición idiomática na man de quen tamén empuña as armas. Daquela era un sabre, hoxe a democracia dos que máis teñen e a súa plusvalía.

CODA

Por suposto *Costa do Solpor* é moito máis do que eu poida destacar. Esta obra **ten tantas lecturas coma lectoras** e case setecentas páxinas non se condensan na brevidade á que obriga un acto de presentación. Convíдовos a vos afundir na novela, estou seguro que saberedes gozar cada páxina.

Di Lema Suárez que esta é a súa primeira e última novela. Facemos votos para que non sexa así e para que a súa palabra recale ou aporte ou arribe ou atraque ou coma o queirades dicir... nas nosas mans en máis ocasións.

E remato por fin. Desexámoslle o maior éxito a esta novela, que debería **traducirse** canto antes **ao inglés** por lle dar cabo á historia de Stevenson tamén na súa lingua. Ese éxito había incidir moi positivamente tamén no **prestixio da nosa lingua** en Galicia e na súa visibilidade fóra.

Grande atrevemento pola miña parte foron estas palabras, sincera disonancia entre a harmonía de voces que veñen falando desta obra dende a súa saída do prelo. En calquera caso, grazas amigo Lema por confiarme este traballo que, como dixer, é honra e grazas tamén por traer a novela ata estas afastadas terras, lonxe da Costa do Solpor pero parte desa realidade, Galicia, negada ou mesmo autonegada que amas e que honras brillantemente en toda a túa obra.

[Extracto do texto lido na presentación na Fundación Vicente Risco de Allariz;
Xosé Antón Laxe Martiñán, traballa nun xulgado de Vigo, canta na Coral De Ruada de Ourense e é un activo
membro da asociación Prolingua, entre outras]